

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 31 de xaneiro de 2020 polo que se somete ao trámite de información pública o anteproxecto das instalacións de subministración e servizos entre os puntos quilométricos 80+250 e 80+750 da AG-53, marxe esquerda (ME)-área de servizo, de clave OU/18/220.01.

Mediante a Resolución da Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas do 22 de novembro de 2019 aprobouse provisionalmente o anteproxecto das instalacións de subministración e servizos entre os puntos quilométricos 80+250 e 80+750 da AG-53 (ME)-área de servizo, de clave OU/18/220.01.

O obxecto do presente anteproxecto é definir e valorar as instalacións e obras necesarias para a construción dunha área de servizo na marxe esquerda da autovía AG-53, entre os pp.qq. 80+250 e 80+750, que prestará servizo a ambos os sentidos de circulación, polo que os accesos a ela se producirán desde ambas as marxes, no termo municipal de Maside (provincia de Ourense), constituída por unha edificación para as zonas comerciais e un exterior con dispensadores de combustible, puntos de recarga de vehículos eléctricos e equipo de subministración de aire e auga; así como realizar un estudo do réxime de utilización e explotación das instalacións da área de servizo que permita establecer as condicións económicas e financeiras en que se realizará a concesión da construción e a explotación.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. Someter o anteproxecto ao procedemento de información pública, de acordo co artigo 248 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, durante un período dun mes, contado a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que se poidan formular cantas observacións se consideren oportunas sobre a localización e as características da obra, así como calquera outra circunstancia referente á súa declaración de utilidade pública.

Segundo. Someter o anteproxecto ao procedemento de información pública, de acordo co artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, durante un período



de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que se poidan formular cantas observacións se consideren oportunas sobre a concepción global do trazado.

Terceiro. A exposición ao público realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Ourense (rúa Sáenz Díez, 1, 32071 Ourense) e no Concello de Maside (praza Maior, 1, 32570 Maside, Ourense).

Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas), atópase á disposición dos interesados o documento completo do anteproxecto.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2020

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: 7buqoi39-ls61-uc13-yuz1-kjamovtxe9v3

